




Área / Unidade GESTION DE DEPORTES DJ1000 CTP	Documento 211171063Y	
Código de verificación  363M 080D 725P 200A 0H65	Expediente 211/2023/875	
	Fecha 30-11-2023	

BASES REGULADORAS CONVOCATORIA CAMPAMENTOS DEPORTIVOS NADAL 2023-2024

1. OBXECTO:

Constitúe o obxecto destas bases regular a convocatoria pública para a participación nos **“CAMPAMENTOS DEPORTIVOS NADAL 2023-2024”**, organizados pola Concellaría de Deportes en dúas quendas.

O obxectivo principal consiste en ofrecer á poboación infantil e xuvenil do Concello da Coruña a promoción do deporte e hábitos de vida saudables, á vez que se facilita ás súas familias unha boa ferramenta para poder conciliar a súa vida persoal e familiar durante parte das vacacións escolares de Nadal.

2. PROGRAMA:

2.1. PROGRAMA TIPO:

HORARIO	MARTES A XOVES	VENRES
08:00-09:00	Chegada e recepción de participantes	
09:00-10:30	Actividade Deportiva I	Actividades natureza/exteriores
10:30-12:00	Actividade Deportiva II	
12:00-12:30	Merenda (deberá ser aportada polo participante)	
12:30-14:00	Actividade Deportiva III	
14:00 / 14:30	Devolución e recollida de participantes	

2.2. ACTIVIDADES PREVISTAS:

Durante o desenvolvemento de cada quenda de campamento están previstas as actividades que se relacionan a continuación, susceptibles de variacións por razóns organizativas e/ou de seguridade: atletismo, escalada deportiva, loita e defensa persoal, bádminton, esgrima, xadrez, carreira de orientación, xogos acuáticos, actividades natureza ou exteriores a Cidade Deportiva de Riazor na natureza (que poderán ser equitación, patinaxe ou similares).

2.3. LUGAR DE REALIZACIÓN: A sede principal será a Cidade Deportiva de Riazor. As actividades na natureza e patinaxe realizaranse en instalacións externas.

2.4. QUENDAS: Establécense dúas quendas:

- QUENDA 1: do 26 ao 29 de decembro de 2023
- QUENDA 2: do 2 ao 5 de xaneiro de 2024

2.5. HORARIOS:

- Horario xeral** das actividades: 09:00 a 14:00 horas
- Horario ampliado** de conciliación: A opción de **horario ampliado non supón un coste engadido**.
 - Entrada: Entre 08:00-09:00 h.
 - Saída: A elixir entre:
 - 14:00 h.
 - 14:30 h.



3. **PREZO: prezo 34,00 €** (TRINTA E CATRO EUROS) segundo a ordenanza fiscal en vigor (OF 15 art.6) sendo o por quenda. **Redución de taxas:** Poderán obter unha redución do 50% na taxa relativa a campamentos aquelas persoas que contén cuns rendementos económicos brutos per cápita, computados anualmente por todos os conceptos e por unidade familiar, que non superen o indicador público de renda de efectos múltiples vixente no momento de efectuar a solicitude.
4. **PERSOAS DESTINATARIAS E IDADES:** Poboación infantil e xuvenil con idades comprendidas entre os 6 e os 12 anos (coa idade cumprida a 31 de decembro de 2023).

Terán preferencia as persoas empadroadas no Concello da Coruña.

5. **PRAZAS:** Ofértanse un total de **72 prazas en cada quenda**.

6. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS:

- 6.1. **PREINSCRIPCIÓN:** Deberá realizarse en liña a través da páxina web de Deportes do Concello da Coruña (www.coruna.gal/deportes). O prazo comezará desde a publicación na páxina web e rematará o 5 de decembro de 2023 ás 14:00 h.

Cada persoa poderá presentar unha única solicitude, indicando a orde de preferencia das quendas, de ser o caso.

Para poder ter en conta as necesidades de conciliación das familias, no caso de irmáns/irmás deberán facerse as solicitudes de forma continuada no tempo e coa mesma orde nas quendas solicitadas.

No caso de rexistrar para unha mesma persoa máis dunha solicitude, só se terá en conta a última, anulando con esta todas as feitas con anterioridade.

Logo de recibir todas as solicitudes, asignaráselle un número a cada unha delas por orde cronolóxica de entrada. Unha vez asignado o número, no resto do procedemento atenderase sempre a ese número.

- 6.2. **LISTAXE PROVISIONAL DE SOLICITANTES:** O 7 de decembro de 2023 a partir das 14:00h. publicarase a listaxe provisional de solicitantes e abrirase un prazo para a subsanación de erros.
- 6.3. **SUBSANACIÓN DE ERROS:** Abrirase un prazo para a subsanación de erros dende a publicación da listaxe provisional de solicitantes ata o 11 de decembro de 2023 ás 12:00h. As alegacións presentaranse por correo electrónico á dirección programasdeportivos@coruna.gal
- 6.4. **LISTAXE DEFINITIVA PARA O SORTEO:** O 11 de decembro a partir das 12:00h. publicarase a listaxe atendendo a subsanación, se procede, dos solicitantes que participarán no proceso de selección.
- 6.5. **SORTEO:** Nos supostos en que existan máis solicitudes que prazas ofertadas, o 12 de decembro ás 08:30h. nas oficinas do Palacio de Deportes de Riazor (rúa Manuel Murguía s/n) celebrarase un sorteo público para establecer a orde de adxudicación na páxina web <https://echaloesuerte.com> ou a través do procedemento de insaculación. Extraerase un número que establecerá o corte a partir do cal se adxudicarán as prazas.
- 6.6. **ORDE DE PREFERENCIA:** O número agraciado no sorteo, que establecerá o corte a partir do cal se adxudicarán as prazas. Para a orde de preferencia terase en conta:

- 1º As persoas empadroadas no Concello da Coruña.
- 2º A orde de preferencia da quenda indicada na solicitude (Opción 1 ou Opción 2).

As persoas que non obtiveran praza neste proceso, pasarán a formar parte da listaxe de agarda.



6.7. LISTAXE DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E LISTAXE DE AGARDA: O 12 de decembro de 2023 a partir das 14:00h. publicarase a listaxe de adxudicación de prazas e listaxe de agarda.

6.7.1. Estableceranse dúas listaxes para cada quenda: listaxe de admitidos e listaxe de agarda.

7. MATRÍCULA E FORMALIZACIÓN DAS INSCRICIÓN:

7.1. DATAS PARA AS MATRÍCULAS:

As persoas que obteñan praza poderán formalizar a inscrición do 13 ao 15 de decembro de 2023 de 08:15h. a 14:00h (ambos inclusive). acudindo á caixa de deportes do Palacio de Deportes de Riazor (rúa Manuel Murguía s/n) . Terán preferencia as persoas que concerten www.citaprevia.coruna.gal (cita previa) e no seu horario. As persoas sen cita previa poderán acudir a matricularse nos horarios que queden dispoñibles. Para que a matrícula sexa efectiva deberá cubrirse o formulario de inscrición e aboar a taxa correspondente.

7.2. So poderá matricularse nunha quenda. A matrícula nunha quenda supoñe a renuncia expresa á outra quenda solicitada.

7.3. No caso de non formalizar a inscrición entenderase que se renuncia á praza e adxudicarase as prazas vacantes seguindo a listaxe de agarda.

7.4. XESTIÓN DA LISTAXE DE AGARDA: A partir do 18 de decembro, as persoas que obteñan praza con motivo do movemento da listaxe de agarda, recibirán un correo electrónico indicando que dispoñen de praza e o prazo para a matrícula. No caso de non presentarse, entenderase que renuncian á praza.

7.5. Documentación que debe acompañarse para a matrícula.

- a) Fotocopia do DNI (de non telo, do Libro de Familia) e do DNI do pai/nai, titor/a.
- b) Para persoas suxeitas a tutela, aínda que dispoñan de DNI propio, tamén deberá presentarse o documento legal que o acredite e o DNI de titor/titora.
- c) Documento do Anexo 1.

8. EQUIPAMENTO E RECOMENDACIÓNS PARA PARTICIPANTES

8.1. **Indumentaria:** roupa e calzado deportivo e abrigo para as actividades exteriores. Para as actividades na piscina, deberán levar bañador, toalla, chanclas, gorro e recoméndase gafas de natación tamén.

8.2. **Recomendacións:** levar un pequeno bidón, cantimplora ou similar irrompible (non se admite de cristal) identificada co seu nome e unha pequena merenda para tomar a media mañá.

8.3. Enviarase aos participantes por correo electrónico a información relativa ao desenvolvemento da actividade.

9. OUTRAS DISPOSICIÓNS

9.1. A formalización da matrícula no Campamento Deportivo De Nadal implica expresamente autorización para traslados fóra da Cidade Deportiva de Riazor para a realización das actividades na natureza ou exteriores, que serán a cargo do Servizo Municipal de Deportes.

9.2. A formalización da matrícula implica declarar que son certos os datos achegados. No caso que o Servizo Municipal de Deportes detecte falsidade nos mesmos, o alumnado afectado causará baixa na actividade, sen dereito á devolución das taxas aboadas.

9.3. Serán de aplicación a Normativa de uso das instalacións deportivas, Escolas Deportivas Municipais e outras actividades. Aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 20 de Xullo de 2007.



- 9.4. Non se permite a cesión a terceiras persoas da praza asignada.
- 9.5. Finalizada a listaxe de espera se quedan prazas libres, publicaranse na www.coruna.gal/deportes ás prazas dispoñibles e datas de matrícula que serán adjudicadas por orde de chegada nas oficinas da Cidade Deportiva de Riazor, terán preferencia as persoas que concerten cita na web www.citaprevia.coruna.gal (cita previa) e no seu horario. As persoas sen cita previa poderán acudir a matricularse nos horarios que queden dispoñibles
- 9.6. Toda a información relativa a esta convocatoria poderá consultarse na páxina web municipal, www.coruna.gal/deportes, nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas municipais e no teléfono de información cidadá 010.
- 9.7. Todas as datas que se indican nestas bases teñen carácter informativo pero non son vinculantes, de xeito que, se acontecese algún imprevisto en algunha das fases do procedemento, o Servizo Municipal de Deportes pode cambialas motivadamente sen necesidade de modificar as presentes bases; sempre cando se respecten os prazos previstos para cada trámite e previa publicación na páxina web www.coruna.gal/deportes.
- 9.8. O Servizo Municipal de Deportes, resérvase o dereito a efectuar as modificacións das instalacións, horarios, profesorado, cambios de grupo, etc. que se consideren necesarias.
- 9.9. O alumno/a, e no seu caso o seu titor/a fai constar que non padece ningunha enfermidade que lle incapacite para a práctica da actividade deportiva, realizándose o oportuno recoñecemento médico. Se padece minusvalía ou outros datos relevantes que poidan incidir na práctica deportiva, deberá achegar Informe ao Servizo Municipal de Deportes.
- 9.10. O talón de pago ou carné será o documento obrigatorio de presentación para a entrada nas instalacións e para a asistencia ás actividades.
- 9.11. O Servizo Municipal de Deportes resérvase a concesión das circunstancias concorrentes en cada caso.
- 9.12. Segundo o artigo 8 da Ordenanza Fiscal en vigor (OF 15) *“Esixirase o depósito previo das taxas correspondentes a ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS no momento de efectuarse a matriculación. Iniciada a prestación do servizo, a cantidade ingresada en concepto de depósito aplicarase ao importe definitivo da taxa, polo que procederá a súa devolución se o/a alumno/a solicita a baixa na actividade con antelación ao comezo do curso...”*
- 9.13. **PROTECCIÓN DE DATOS:** Os datos facilitados por Vde. serán tratados polo CONCELLO DA CORUÑA en calidade de Responsable de Tratamento, coa finalidade de xestionar a solicitude/é manifestada no presente documento, dentro do procedemento administrativo correspondente (especificamente, utilizaranse para xestionar a entrada de documentos ou comunicacións que se presenten ou reciben no Concello, de forma presencial ou electrónica, así como a saída de documentos oficiais e comunicacións dirixidas a outros organismos ou particulares, como a apertura dos expedientes administrativos que puidesen xurdir). Vde. poderá exercer os dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Limitación ou, no seu caso, Oposición. Para estes efectos, deberá presentar un escrito acompañado de NIF no Rexistro de Entrada do Concello: Praza de María Pita, 1. 15001, A Coruña ou, no seu caso, ao noso Delegado de Protección de Datos delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal. Así mesmo, en caso de considerar vulnerado o seu dereito á protección de datos persoais, poderá interpoñer unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Ten dispoñible máis información do tratamento dos seus datos en: (<https://coruna.gal/rat>).

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento
O xefe de servizo de Deportes

Pablo Castedo López



RESUMO DOS PRAZOS DO PROCEDEMENTO

TRÁMITE	DATAS
Presentación de solicitudes	Desde a publicación e ata o 5 de decembro de 2023 (ata as 14:00 h.)
Listaxe provisional de solicitantes	7 de decembro de 2023 a partir das 14:00h.
Subsanación de erros	Dende a publicación e ata o 11 de decembro de 2023 ás 12:00 h. no correo electrónico programasdeportivos@coruna.gal
Listaxe definitiva para o sorteo	11 de decembro de 2023 a partir das 14:00 h.
Sorteo (de ser necesario)	12 de decembro de 2023, ás 08:30 h.
Listaxe de adjudicación de prazas	12 de decembro de 2023 a partir das 14:00h.
Inscripción das persoas admitidas	Do 13 ao 15 de decembro de 2023 nas oficinas do PALACIO DE DEPORTES DE RIAZOR (rúa Manuel Murguía s/n)
Xestión da listaxe de agarda	A partir do 18 de decembro de 2023

ANEXO 1: DOCUMENTO PARA APORTAR COA FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA



DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE			
TIPO DE DOCUMENTO	Nº DOCUMENTO	CÓDIGO PERSOA	
NOME			
APELIDOS			
DATA DE NACEMENTO		SEXO	
ENDEREZO			
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	PROVINCIA	
ENFERMIDADE OU ALERXIA			
SABE NADAR			
DISCAPACIDADE - TIPO			
GRAO		DEPENDENTE	

DATOS DO/A PAI/NAI OU TITOR/A			
TIPO DE DOCUMENTO	Nº DOCUMENTO		
NOME			
APELIDOS			
TLF. DE CONTACTO 1		TLF. DE CONTACTO 2	
CORREO ELECTRÓNICO			

DATOS DO CAMPAMENTO			
QUENDA			
HORARIO AMPLIADO	ENTRADA (08:00-09:00h) marcar o que corresponda	SI	NON
	HORA SAÍDA marcar o que corresponda	14:00h	14:30h

AUTORIZACIÓN PARA O USO DA IMAXE (Marque nas casillas seguintes)	SI	NON
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Na miña condición de pai/nai/titor/a autorizo ao Concello da Coruña e á empresa adjudicataria do contrato de xestión dos campamentos deportivos para a captación de imaxes e sons, ben a título individual ou formando parte dun grupo, durante o desenvolvemento das actividades do campamento. As imaxes e sons poderán ser utilizados para campañas de difusión ou promoción, mantendo sempre a observancia dos dereitos da infancia e sen desvirtuar ou seu significado nin o contexto non que foron captadas. Esta autorización e cesión de utilización do contido gravado e da súa imaxe, de carácter gratuito, faise ao amparo do disposto na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de Protección Civil do Dereito á Honra, á Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe, e terá os usos derivados dos campamentos deportivos.

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dús dereitos dixitais e de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, de Protección de Datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de forma confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello da Coruña. En calquera momento, poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición limitación ao tratamento e portabilidade dos datos mediante comunicación por escrito dirixida ao Rexistro Xeral do Concello da Coruña, sito en Praza María Pita, 1. 15001 A Coruña, coa seguinte referencia na súa carta: "LOPD Exercicio de dereitos" (xunto á súa solicitude escrita e asinada, deberá acreditar a súa personalidade achegando fotocopia do DNI) ou ben mediante solicitude na sede electrónica. Dado ou carácter confidencial da información, non poderá exercer os seus dereitos telefonicamente, posto que este medio non permite acreditar a identidade como titular dos datos rexistrados.

AUTORIZACIÓN PARA A RECOLLIDA DO/A PARTICIPANTE. <u>Persoas adultas autorizadas para a recollida:</u>	
NOME E APELIDOS	DNI/NIE/PASAPORTE
1	
2	
3	
4	

A Coruña, a de de 2023

Asinado: Pai / Nai / Titor/a